Relación provisional de persoas non admitidas inicialmente, pendentes de reparar documentación

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Situación (*)
1	Gómez Grande, Pablo	***9933**	(6)
2	Merino López, Fernando	***4100**	(1,2,6)
3	Rodríguez-Toubes Forryan, Irene	***9136**	(5,6)

Relación de persoas excluídas

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS (*)
1	Alonso Granja, José Miguel	***5247**	(1)

(*) Supostos de exclusión, pendentes de reparar ou pendentes de aclaración e/ou de achegar documentación complementaria:

(1) Non cumprir o requisito exixido no apartado c) (titulación, ano académico) da base cuarta, ou o apartado b) da base oitava (titulación) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2015-2016 ou en anos posteriores.

(2) Non cumprir o requisito exixido no apartado b) da base quinta e/ou do apartado c) da base oitava da convocatoria (informe discapacidade).

(3) Non cumprir o requisito exixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar no modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito exixido no apartado a) (DNI) da base oitava da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado e) (méritos académicos) da base oitava da convocatoria, e para efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

(6) Non cumprir o requisito exixido no apartado d) (informe vida laboral actualizado) da base oitava da convocatoria.

Conforme o disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da administración de Xustiza ás percepcións por traxectoria profesional.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia da iniciativa vén determinada por estar suxeita, parcialmente, a prazos procesuais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de xullo de 2020 publicouse no DOG a Resolución de 30 de xuño de 2020 pola que se daba publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galiza d 25 de xuño dese mes e ano polo que se aprobaba o acordo acadado o día 10 entre a propia Xunta e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO para a implantación do sistema de traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Como queira que o referido Acordo de traxectoria profesional, conseguido após máis de 3 meses de folga das traballadoras ao servizo da administración de xustiza en Galiza; excluía da súa aplicación e dos consecuentes efectos económicos ao persoal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

temporal foi obxecto de impugnación por distintas organizacións sindicais, entre elas a Confederación Intersindical Galega (CIG).

A Sala do Contencioso-Administrativos do Tribunal Superior de Xustiza, seguindo unha consolidada e uniforme doutrina tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu a estimación parcial do recurso e declarou a nulidade das bases 1ª e 5ª e demais normas instrumentais e derivadas delas en canto reservaren o dereito a participar no sistema de carreira profesional exclusivamente a favor das funcionarias de carreira.

Expresamente facíase constar na Sentencia o dereito do persoal funcionario interino da Xunta de Galiza a participar, nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020...”

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza non veu senón a reiterar o xa manifestado en múltiples resolucións anteriores nas que considerou que a carreira profesional forma parte das condicións de traballo da cláusula 4ª do Acordo Marco incorporado na Directiva 1999/70/CE relativa ao principio de non discriminación e que cuxa observancia impide facer de peor condición ao persoal non permanente respecto do de carácter fixo (de carreira).

Tanto a directiva indicada e o criterio xurisprudencial tan consolidación fai dificilmente xustificable a exclusión do dereito á traxectoria profesional do persoal temporal realizada pola Xunta de Galiza no Acordo de 25 de xuño de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
1ª polo trámite de urxencia:

. Ten intención a Xunta de Galiza de recorrer a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que, estimando parcialmente o recurso interposto pola CIG, declara o dereito do persoal funcionario interino a participar nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020?

. Ven recoñecendo e abonando a Xunta de Galiza ao persoal interino as percepcións derivadas do eventual recoñecemento á traxectoria profesional?

. Considera a Xunta de Galiza que a vixencia do Acordo de 25 de xuño de 2020 obriga a recoñecer e abonar ao persoal funcionario de carreira da administración de xustiza as percepcións derivadas da traxectoria profesional?

. Entende a Xunta de Galiza procedente a convocatoria da mesa sectorial de xustiza con todas as centrais sindicais para realizar unha nova redacción das bases 1ª e 5ª que se axuste á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza e ao principio de non discriminación da Directiva 1999/70/CE?

. En cantas ocasións se reuniu a mesa sectorial de xustiza de Galiza nos anos 2019 a 2021?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/11/2021 12:07:42

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2021 12:07:46

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2021 12:07:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a recuperación dos terreos de ENCE e as alternativas no sector forestal galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione en relación co futuro dos terreos de ENCE en Lourizán, a súa recuperación e o impulso de alternativas para a industria forestal galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Autoridade Portuaria Porto de Marín e ría de Pontevedra anunciou a pasada semana a intención de solicitar o inicio do procedemento para adscribir os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados pola empresa ENCE e tamén os que ocupou ELNOSA en Lourizán como Zona de Actividade Loxística (ZAL) do porto de Marín.

Esta iniciativa non é nova. Xa no ano 2005 se fixo unha tentativa semellante que acabou sendo desbotada pola administración xeral do Estado debido a diversos informes xurídicos e urbanísticos desfavorábeis.

Agora vólvese facer unha nova tentativa que ten unha única finalidade: burlar unha decisión xudicial contraria á continuidade de ENCE en Lourizán. Non se trata pois





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de ampliar os terreos portuarios, que se podería facer facilmente noutra ubicación impulsando un Porto Seco, senón de buscar un suposto atallo para forzar a continuidade de ENCE nuns terreos que deben ser recuperados para o dominio público.

En realidade tampouco se trata diso: a única intención desta “iniciativa” é crear falsas expectativas e intentar enganar a cidadanía con solucións condenadas ao fracaso. A única intención desta proposta é estirar artificialmente o debate da continuidade de ENCE na ría de Pontevedra, co obxectivo de utilizar esta controversia inventada como ariete contra o goberno municipal de Pontevedra e contra o goberno central.

Nesta postura de confrontación estéril, o goberno galego superou todos os límites ao manipular de maneira burda o informe do Consultivo sobre a posíbel ampliación do Porto de Marín integrando os terreos que actualmente ocupa ENCE, un informe que deixa claro que o futuro de ENCE depende dunha decisión xudicial, non dunha utilización torticeira da lexislación portuaria para iniciar un camiño que saben que está condenado ao fracaso.

En lugar desta estratexia de confrontación e de oposición, a Xunta debería actuar en modo “goberno” e liderar unha alternativa de futuro para a industria forestal galega nun marco que garanta a multifuncionalidade do monte, a aposta por madeiras de calidade, o incremento da cadea de valor e o peche de ciclos.

A Xunta ten que dar carpetazo o debate sobre a permanencia de ENCE en Lourizán e poñerse a traballar na procura de posíbeis emprazamentos para un complexo de transformación forestal que permita non só construír unha nova planta de produción de celulosa senón tamén completar o ciclo con unha planta de produción de papel, con un centro de investigación e innovación e con instalacións para xerar outros bioproductos con expectativas dunha demanda crecente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

. Vai a Xunta desbotar a estratexia de confrontación e a utilización das institucións con fins partidistas, como está a ocorrer co debate sobre os terreos que ocupa o complexo industrial de ENCE en Lourizán?

. Vai o goberno galego deixar de defender publicamente a falsa opción da integración de ENCE no Porto de Marín?

. Ten previsto a Xunta impulsar o diálogo coas demais institucións e co sector forestal galego para procurar emprazamentos e para impulsar proxectos alternativos e de futuro con iniciativa e participación pública, que xeren emprego de calidade, que pechen ciclos, que impulsen novos aproveitamentos dos produtos forestais e que garantan un desenvolvemento sustentábel e multifuncional do monte?

. Vai impulsar unha mesa de diálogo sobre o futuro dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa actualmente ENCE, co obxectivo de levar a cabo o previsto na disposición adicional terceira do Plan de Ordenación do Litoral?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2021 13:03:08

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2021 13:03:16

Paulo Ríos Santomé na data 22/11/2021 13:03:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre a necesidade de protexer as serras da Groba, O Galiñeiro e Monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos, co obxecto de evitar danos irreversíbeis en hábitats e especies sobre os que existe un mandato de protección da Comisión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As serras suroccidentais da Groba e do Galiñeiro, xunto co Monte Aloia, conforman un conxunto de espazos de extraordinario valor cultural, natural, xeolóxico, paisaxístico, biolóxico, arqueolóxico e hídrico.

Pola súa importancia ambiental e pola alta representación de hábitats de interese prioritario e de especies protexidas, a serra do Groba e o monte da Valga, xunto coa Costa de Oia, foron propostas en 2012 para a súa inclusión na Rede Natura. A Groba conta con representación de 11 hábitats considerados de interese comunitario e de interese prioritario na Directiva Hábitats e é refuxio de especies de interese comunitario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre as que se encontran algunhas ameazadas como a píntega rabilonga e o sapo de esporóns.

Na serra da Groba e no monte da Valga existen cando menos 12 humidaís incluídos no Inventario de humidaís de Galicia (2003), enclaves que teñen unha grande importancia para a biodiversidade, para o abastecemento de auga e para a loita contra o cambio climático.

Estas serras son o ecosistema duns 1500 cabalos e égoas en liberdade, cuxa supervivencia depende da conservación das breixeiras húmidas atlánticas e doutros hábitats de interese.

Trátase dunha zona de grande riqueza patrimonial e dunha das áreas de maior densidade arqueolóxica de toda Galiza, con unha boa parte dos bens sen catalogar.

No ámbito paisaxístico cabe sinalar os seguintes valores:

-A serra do Galiñeiro foi catalogada como Área de Especial Interese Paisaxística (Catálogo das Paisaxes).

-A Serra da Groba e a Chan da Valga foron catalogadas como Áreas de Especial Interese Paisaxística

-Cabo Silleiro e o Alto do Castelo foron declarados Espazos de Interese Paisaxística no Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Trátase por último dunha área de grande importancia como zona de alimentación e de paso de aves migratorias, xa que está estratexicamente situada entre o esteiro do Miño (ZEC e ZEPA), as Gándaras de Budiño (ZEC), o esteiro do río Miñor (ZEC), as illas Estelas (ZEC) e as Illas Cies (ZEC e ZEPA)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A serra da Groba, o monte da Valga e a serra do Galiñeiro están ameazadas por numerosos proxectos eólicos (7 até o momento) que constitúen unha sorte de megapolígono industrial con graves afeccións nos hábitats, especies, recursos hídricos, fauna, flora, patrimonio material e inmaterial... Só desde unha concepción produtivista e depredadora do territorio se pode entender unha agresión ambiental desta magnitude, que causaría danos irreversíbeis no caso de levarse a cabo.

En lugar de velar pola protección de hábitats e paisaxes de grande valor, a Xunta facilita a tramitación destes proxectos industriais, ao abeiro dunha lexislación deseñada e modificada varias veces para eliminar garantías de información e participación, como se pon de manifesto na tramitación do parque eólico Alvariño I.

Ademais, o goberno galego permite a fraude de lei da fragmentación dun único proxecto noutros máis pequenos, para evitar garantías ambientais e eludir unha avaliación ambiental máis esixente e integral, que contemple todos os impactos tanto na fase de construción e na de funcionamento. Esta fragmentación tamén impide avaliar de maneira sinérxica e integral os impactos conxuntos das infraestruturas de evacuación e das liñas de alta tensión necesarias para a conexión á rede.

Así e todo, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) advirte dos impactos críticos que terán os parques eólicos, concretamente no caso do proxecto Alvariño I, en fase de autorización administrativa.

Diante da reactivación dos proxectos eólicos que afectan ao Galiñeiro, a Groba, o monte da Valga, a costa de Oia e o Aloia, un grande número de entidades agrupadas na plataforma SOS Groba presentaron cen mil sinaturas en contra destes parques. E tamén os plenos de oito concellos afectados do Val Miñor e do Baixo Miño, de todas as cores políticas, expresaron o seu rexeitamento a estes proxectos eólicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

. Vai ter en conta o goberno galego as demandas dos concellos e da maioría social e en consecuencia desbotar a aprobación dos parques eólicos previstos nas serras da Groba, O Galiñeiro, Monte Aloia e Monte da Valga?

. Por que a Xunta permite a fragmentación dun megaproxecto eólico noutros máis pequenos?

. Ten previsto o goberno galego estudar e avaliar o impacto conxunto dos parques eólicos e das infraestruturas de evacuación no Val Miñor e no Baixo Miño?

. Ten previsto a Xunta protexer as serras suroccidentais de Galiza mediante a súa inclusión na Rede Natura ou por medio doutras figuras de protección?

. Considera o goberno galego necesario primar o aproveitamento e desenvolvemento das enerxías renovábeis con criterios de descentralización, proximidade, autoabastecemento e fomento das comunidades enerxéticas locais, como alternativa aos megaproxectos industriais que teñen unha forte afección e impacto no territorio?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2021 13:40:26

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2021 13:40:30

Paulo Ríos Santomé na data 22/11/2021 13:40:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/11/2021 13:40:46

María do Carme González Iglesias na data 22/11/2021 13:40:53



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Motivación da Urxencia:

A urxencia vén motivada polas recentes informacións sobre a finalización da fase de pilotaxe do programa de cribado de cancro de cervix na área sanitaria de Lugo e a necesidade do coñecemento dos seus resultados por parte do Parlamento.

Exposición de motivos:

Os programas de cribado de enfermidades oncolóxicas teñen sido un sinal de identidade do sistema público de saúde de Galicia e, ademais, obxecto dun amplo acordo político que, porén, nunca contou coa unanimidade da Cámara.

O cribado de cancro de mama, comezado pola Xunta de Galicia en 1992, continuou e foi mellorado tanto durante o período de goberno bipartito como durante os últimos 11 anos de gobernos do Partido Popular, nos que se ampliou tamén a poboación diana.

O cribado de cancro colorrectal comezou no ano 2013 na área de Ferrol e, no ano 2015, someteuse a votación parlamentaria a súa extensión progresiva á totalidade do territorio galego, mediante unha resolución posterior ao Debate do Estado da Autonomía que colleitou 67 votos a favor, 6 abstencións e 1 só voto en contra. Os resultados deste programa foron parabenizados por algún grupo da oposición e non houbo discrepancia política no seu proceso de implantación, que foi completado en 2019.

No programa electoral do Partido Popular de Galicia para as eleccións autonómicas de 2016 incluíase o compromiso de proceder á instauración dun programa poboacional de detección do cancro de cervix cando este fose aprobado polos expertos do Sistema Nacional de Saúde. Esta iniciativa política tamén foi sometida a votación parlamentaria tralo Debate do Estado da Autonomía de 2018, a través dunha resolución que obtivo 54 votos a favor, 5 abstencións e 6 votos en contra. Antes de rematar a lexislatura, dito cribado estaba xa operando como proxecto piloto na área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, cumprindo así o compromiso adquirido.



Despois das lóxicas dificultades que o desenvolvemento deste programa sufriu pola irrupción da pandemia da COVID, o 21 de novembro deste ano coñecíamos pola prensa que, unha vez incorporado o centro de saúde de Fingoi (na cidade de Lugo) finalizaba a fase de pilotaxe deste programa na área.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguinte preguntas orais en comisión:

1. Que avaliación fai a Xunta de Galicia da pilotaxe emprendida na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos do programa de cribado de cancro de cervix?
2. Permiten estes resultados planificar a extensión deste programa a outras áreas sanitarias? De ser así, a cales?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/11/2021 17:52:42

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/11/2021 17:53:16

María Corina Porro Martínez na data 22/11/2021 17:53:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/11/2021 17:54:00

José Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2021 17:54:13

Noelia Pérez López na data 22/11/2021 17:54:31

López Sánchez, Rosalía na data 22/11/2021 17:54:50



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos vén de publicar unha declaración en defensa do estudo das Humanidades en xeral e das materias de estudos clásicos en particular, que contén os seguintes puntos:

1. Nunha sociedade cada vez máis dominada pola tecnoloxía e a practicidade inmediata, é necesario posibilitar e fomentar o estudo das Humanidades nos diferentes niveis de ensino como aspecto fundamental na formación de todo ser humano.
2. Como parte esencial e prioritaria dos estudos humanísticos é imprescindible garantir e fomentar o estudo das materias de Cultura Clásica, Grego e Latín, dado que as linguas e a cultura clásicas son a base das nosas linguas e da nosa cultura.
3. O ensino das Humanidades e dos Estudos Clásicos debe estar garantido en todos os lugares do territorio, especialmente na contorna rural, para dar cumprimento ao dereito de igualdade de oportunidades.
4. Débese apoiar o movemento internacional recollido na proposición non de lei aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados o 27 de febreiro de 2019 que ten como obxectivo último a declaración por parte da Unesco do Grego Antigo e do Latín como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

Entendemos que esta declaración, ademais de conter afirmacións das que resulta imposible discrepar, recolle a preocupación existente nesta sección e en varios centros docentes da nosa comunidade autónoma pola situación que se dá dende o inicio deste curso, logo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade impedisese cursar as materias de latín e/ou grego nos estudos de bacharelato a alumnado que así o desexaba, por non acadar un número de alumnos suficientes.



Particular gravidade ao anterior engade o feito da existencia de profesorado nalgúns deses centros para impartir esas materias ao que non se lle permite algo tan xusto é lóxico como é dar clases da súa especialidade docente.

Atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións: a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda. Unha realidade que pon de manifesto a quebra da igualdade de oportunidades entre o alumnado en función, neste caso, da radicación dos centros.

Estas situacións son contrarias á normativa xa que estamos a falar de materias troncais que, conforme ao establecido no *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, tratan de garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores.

Resulta moi pertinente crear un escenario coa existencia da flexibilidade suficiente que antepoña o interese do alumnado ao cumprimento de obxectivos de contención de gasto, que é exclusivamente a razón existente detrás das decisións que se adoptaron, por primeira vez, este curso. Non son coherentes as xustificacións dadas polos responsables políticos educativos da previsión normativa sobre un número mínimo de alumnos xa que tal previsión é idéntica á existente en cursos previos sen que se aplicasen co rigor do curso actual.

Pero non todo se reduce ás restricións deste curso. A importancia das linguas clásicas na formación do noso alumnado como recolle a declaración da sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos, ademais de resultar incuestionable, require a adopción de medidas que fomenten o seu coñecemento, recoñecemento e estudo por parte do noso alumnado.

Certamente, o compromiso da Administración é imprescindible e existen políticas de impulso, como a campaña de fomento da formación profesional e das ensinanzas especiais dotado orzamentariamente cada ano nos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que poñen de manifesto que é posible realizar actuacións e que o que se require é o impulso político para levalas a cabo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a posibilidade de flexibilizar a normativa para facilitar que a posibilidade de cursar as materias de linguas clásicas non dependa dun número mínimo de alumnos, dado o seu carácter troncal nos estudos de bacharelato e a necesidade de manter a igualdade de oportunidades entre o alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade oportuno desenvolver actuacións, en colaboración coas universidades galegas, para o impulso do recoñecemento e importancia que para a nosa cultura teñen as linguas e a cultura clásicas e o fomento do se estudo nos centros de ensino secundario galegos?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2021 18:45:38

Noa Susana Díaz Varela na data 11/11/2021 18:45:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a política de I+D+i da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2020 rematou a vixencia do Plan Galiza Innova 2020 e da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) 2014-2020 os principais instrumentos de planificación da política en materia de I+D+i do Goberno galego.

Malia que aínda non contamos co informe de avaliación final da RIS3 e apenas o intermedio, o certo é que nas conclusións de diagnose intermedia xa se apuntaban eivas estruturais que lastran o avance do noso país nun sector económico estratéxico como é a xeración de coñecemento.

Entre as principais eivas atopamos:

a) A relación entre o investimento en I+D e o PIB que aínda está lonxe dos niveis desexábeis e, por suposto, da media europea. De acordo cos últimos datos publicados en 2019 o investimento en I+D en Galiza situouse no 0,97%.

b) A caída no número de solicitudes de patentes e o número de empresas innovadoras reducíndose en 69 e no 15%, respectivamente, entre 2014-2018.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Ligado ao anterior e malia o incremento do investimento en I+D+i por parte das empresas (+30% no período de avaliación intermedia da RIS3) os resultados evidencian que existe un grupo de empresas cun claro foco na innovación mais que o resto continúan sen incorporar de forma sistemáticas a I+D+i nas súas prácticas empresariais.

Galiza precisa apostar na xeración de coñecemento como unha prioridade co obxectivo de converter a I+D+i en panca de desenvolvemento social, económico e cultural.

E nesa aposta, os recursos humanos, isto é, o persoal investigador é un elemento chave. É obvio que sen ciencia non hai futuro, iso deixouno meridianamente claro a pandemia provocada pola Covid-19; porén, sen investigadoras e investigadores non hai ciencia.

Neste senso, cómpre lembrar que Galiza carece dunha carreira investigadora definida e estable en todas as súas etapas así como non conta cun programa ambicioso de retención e captación de talento semellante a outros de enorme éxito e recoñecemento europeo como o ikerbasque ou o iCrea.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do Plan Galiza Innova 2020 e do RIS3 2014-2020?

. En que nova planificación está a traballar o Goberno galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Con que obxectivos e novidades a respecto dos anteriores?
- . Que horizonte de investimento público e privado manexa a Xunta?
- . E en materia de recursos humanos cal é o plan do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2021 10:16:02

Ramón Fernández Alfonso na data 12/11/2021 10:16:12

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2021 10:16:20

Daniel Pérez López na data 12/11/2021 10:16:26



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No mes de xullo publicouse a sentenza da Audiencia Nacional que resolvía o recurso interposto pola asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra contra a concesión dunha prórroga de 60 anos á empresa pasteira Ence, outorgada polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2016.

A sentenza no seu fallo estima o recurso interposto por entender que a ubicación na que se atopa esta pasteira, isto é en zona de dominio marítimo terrestre, non é axeitada a dereito.

Tras esta resolución e a espera da firmeza da sentenza, a Administración competente en materia de desenvolvemento industrial de Galicia, que é a Xunta de Galicia, ten que buscar unha solución que permita a continuidade desta actividade industrial en Galicia.

Todos somos conscientes da importancia que ten este actividade para a economía galega e do número de postos de traballo, directos e indirectos, que esta xera, polo tanto, non podemos permitir que o traslado da mesma sexa fóra do noso territorio.

É momento de poñerse a traballar coa empresa para acadar unha solución xusta que permita manter todos eses postos de traballo.

O goberno progresista de España para acadar unha solución a este conflito impulsou unha mesa de diálogo, na que participan a empresa, as diferentes administracións e os representantes das persoas traballadoras. Na última xuntanza o pasado 15 de outubro, o Estado comprometeuse a asumir o custo dun informe obxectivo encargado a un comité de expertos sobre as posibilidades de traslado da pasteira, preferiblemente na comarca de Pontevedra ou no seu defecto dentro da nosa provincia.



Días despois e cumprindo con este compromiso o Estado encargou este traballo á Universidade de Vigo, que constituíu un grupo de expertos/as para buscar esta nova localización, co compromiso de ter terminado este informe no prazo de 3 meses.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai asumir o Goberno galego o contido do informe obxectivo elaborado pola Universidade de Vigo?
2. Vai a Xunta de Galicia impulsar dentro das posibles ubicacións, un gran proxecto industrial do sector forestal galego?
3. Vai o Goberno galego seguir secundando a vontade da fábrica en contra do contido dunha sentenza xudicial?

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Luís Manuel Álvarez Martínez

Patricia Otero Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 12/11/2021 10:23:25

Pablo Arangüena Fernández na data 12/11/2021 10:23:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/11/2021 10:23:43

Patricia Otero Rodríguez na data 12/11/2021 10:23:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1964 trasládase a antiga Granxa Agrícola de Monelos (A Coruña) a unha parcela de 45 ha situada a 15 km en Bós (Guísamo) onde tamén se edificou a Escola de Formación Agraria. No ano 1970, das 45 hectáreas de investigacións agrarias, asignáronse 20 á escola de Guísamo para prácticas dos alumnos, quedando as 25 restantes para investigación.

A finca, sita no lugar de Bos (Guísamo) foi o lugar onde estivo o Centro de Investigacións desde mediados dos 60 a mediados dos 70, antes de se trasladar a Mabegondo. Estes terreos foron transferidos no 1983 desde o INIA á Xunta de Galicia xunto co resto de bens móbeis e inmóbeis afectos á investigación. Nesta granxa hai instalacións agrícolas, naves e cortes, ademais das instalacións da Escola.

Durante o período 1993 ata o ano 2011 a finca de Bos fora cedida, entendemos que por convenio, á Federación Frisona Galega para executar o que se chama en xenética un Moet que consiste en ter un centro de transferencia de embrións de alto valor xenético. Todo isto estaba enmarcado no Plan Integral de Mellora Xenética (PIMX) que iniciara non seu día o Conselleiro Romay Becaría. En Bos estivo Fefriga





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante 18 anos cunhas instalación bastante precarias. No mal chamado Bipartito meteuse diñeiro poñendo as instalacións en consonancia co que se facía na finca.

No 2009, coa volta do PP ao goberno da Xunta de Galicia, faltoulles tempo para:

- Pechar a nave de transferencia de embrións de bovino de leite, que acababa de ser inaugurada
- Pechar a nave de fitosanitarios de recente construción, con equipamento e instalacións novas para o control de equipos aplicadores destes produtos no marco da directiva europea de redución de uso de fitosanitarios.
- Cederlle desde Medio Rural a Proxecto Home unhas 25 has. coas correspondentes naves, oficinas, almacéns e cortes.

Nunha das naves estaban, e máis están, as instalacións de secado coas máquinas de limpeza e procesado de trigos e cereais de inverno autóctonos. Tamén había plantacións de árbores froiteiras autóctonas, moitas traídas desde as coleccións recollidas na antiga Granxa de Monelos, de alto valor xenético. A cesión foi feita, entendemos, en base ó labor de rehabilitación social e persoal que realiza o Proxecto Home.

Desde un primeiro momento os novos donos pularon insistentemente para que se abandonaran as instalacións de procesado de trigo. Nos últimos 5 ou 6 anos foise adiando o traslado ata que se construíran as prometidas novas instalacións no CIAM do Banco de Xermoplasma que estando orzada a súa construción nos orzamentos deste 2021 nada se sabe, nin tan sequera do proxecto, e agora nestes novos orzamentos para o 2022 xa nin aparece.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben, hai poucos días Proxecto Home recorreu á xustiza e esta ditou unha sentenza de desafiuzamento da propia consellaría do Medio Rural (ou AGACAL, ou CIAM) da propia finca e instalacións que cedeu a propia consellaría. Esta sentenza, seica, ten un prazo de execución que expira o vindeiro 15 de decembro.

E mentres se agarda a que a Consellería do Medio Rural diga algo a situación está máis ou menos como segue:

- Non hai novas instalacións para o Banco de Xermoplasma
- Haberá que desmontar as instalacións de secado e procesado da semente de trigo autóctono e arrombalas nunha nave no CIAM á espera de recolocalas (o lustro menos pensado) no novo Banco de Xermoplasma (caso de se dar feito).
- Mentres o proceso de transferencia de semente de trigo autóctono para a IXP Pan Galego queda bloqueado á espera dun milagre.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- . Cales foron as razóns que levaron á Consellería á cesión das 25 Has da finca de Bos- Guísamo a Proxecto Home?
- . En que condicións se fixo a cesión?
- . Consultouse á dirección do CIAM naquela altura?
- . Faise de parte da Consellería algunha verificación de que na finca cedida se está a facer o labor rehabilitador motivo da cesión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que pensa facer a Consellería coas instalacións de secado e como vai suplir a súa función para a transferencia de sementes de cereal do País á IXP Pan Galego?

. Se a Consellería sabía que tiña que deixar as infraestruturas de investigación de Bós, dedicadas a conservar e investigar os recursos filoxenéticos, como o trigo galego, maceiras, pereiras, etc, por que non se fixeron desde o ano 2009 as retiradamente solicitadas instalacións do “Novo Banco de Xermoplasma no CIAM?”

. Sabendo desta situación, como é que o Conselleiro, que nun principio propuxo levar o Banco de Xermoplasma a Sergude, non foi capaz de realizar as os obras deste banco neste tempo, deixando sen executar mais de 2 millóns de euros de fondos React?

. E coa valiosa xenética de mazás e froita de croia do país como pensan facer?

. É consciente a Consellaría que esta situación, que constitúe o paradigma do desleixo, contribúe a minar aínda máis o ánimo e as esperanzas do persoal investigador e conduce á irrelevancia o valioso potencial dos centros de investigación?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/11/2021 10:35:50

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2021 10:36:03

María González Albert na data 12/11/2021 10:36:10

María del Carmen Aira Díaz na data 12/11/2021 10:36:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2012 do deporte de Galiza recolle no seu preámbulo que “o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade”.

Esta lei ten como principios reitores, entre outros, o seguinte: “O dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha”.

Asemade, o artigo 5.3 regula, entre as competencias da Administración autonómica, a seguinte:

“No exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade vén demostrar que a discriminación das mulleres deportistas segue a estar vixente como se pode comprobar nas declaracións do equipo feminino do Hóckeí Club Liceo que denuncian un trato desigual en comparación co equipo masculino tanto á hora de desprazamentos aos partidos como horario de adestramentos ou discriminacións económicas, entre outros.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza desta realidade discriminatoria cara ás xogadoras do Hóquei Club Liceo?
- Ten constancia dalgunha outra situación semellante?
- Ten actuado a este respecto?
- Que valoración realiza sobre as mesmas o goberno?
- Ten prevista algunha actuación para corrixir esta discriminación e evitar que se repita?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 12/11/2021 13:45:01

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2021 13:45:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/11/2021 13:45:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros (Allariz).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven realizando diversas actuacións de acondicionamento dos Camiños de Santiago, ao fin de facilitar o tránsito das persoas que decidan peregrinar a Santiago de Compostela.

A definición das características que debe reunir unha unidade familiar para ser considerada familia monomarental ou monoparental correspóndelle a cada comunidade autónoma, que debe establecer os requisitos necesarios para obter esta condición.

En Galicia a Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia estableceu a condición especial desas unidades familiares como merecedoras de protección específica por parte dos poderes públicos. Mais para facer eficaces as políticas dirixidas ás familias monomarentais e monoparentais é esencial definir a súa tipoloxía e coñecer cantas existen no noso país e cal é a súa situación.

Unha ferramenta que pode ser de utilidade para tal fin é o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia, que está recollida na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e que fixaba un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para a súa elaboración.

Neste pasado mes de xullo a Xunta anunciaba que estaba ultimando xa ese decreto, para o que contaba coa colaboración da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) de Galicia, pero catro meses despois aínda nada sabemos del a pesar de que tiña que estar rematado no mes de agosto, tal e como obriga a lei.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que estado se atopan os traballos de elaboración do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e regulará a definición desas unidades familiares?

2ª) Cando está prevista a súa finalización e a publicación do decreto correspondente?

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/11/2021 16:44:49

Noelia Otero Lago na data 15/11/2021 16:45:04

Marina Ortega Otero na data 15/11/2021 16:45:14

Julio Torrado Quintela na data 15/11/2021 16:45:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes que a Xunta de Galiza prevé implantar no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais de 2020 a Xunta de Galiza fala da implantación dun novo modelo de residencias que está a deseñar da man do Consello asesor socio-sanitario, un órgano *ad hoc* creado á marxe da Lei de servizos sociais de Galiza que inclúe no seu seo o Consello Galego de Benestar como órgano asesor e de participación en materia de políticas e dereitos sociais.

Malia os intentos por coñecermos a composición dese Consello asesor así como a documentación e informes cos que traballa a Xunta de Galiza négase a facilitar esa documentación ao Parlamento e ao Grupo Parlamentar do BNG.

Todo o que sabemos sobre ese novo modelo é fundamentalmente polas notas de prensa que periodicamente publica a Xunta de Galiza e algunha información máis ben vaga que cae nalgunha comparecencia da Consellaría de Política Social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o noso grupo parlamentar tan importante como o contido do novo modelo residencial é a forma na que este se vai deseñar toda vez que falamos de persoas, de seres humanos, e dun dereito fundamental como é o dereito a unha vellez digna. Neste senso, as persoas maiores a través da súa propia voz e experiencia, familiares de usuarias de residencias, as propias persoas usuarias, especialistas en xerontoloxía; traballadoras do sector das residencias e as organizacións sindicais que as representan, investigadoras/es no ámbito do envellecemento, e os propios grupos parlamentarios como representantes da vontade popular do pobo galego, entre outros, temos dereito a participar nel.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que veta a Xunta de Galiza ao Consello Galego de Benestar e ao Parlamento na elaboración do novo modelo de residencias?
- Por que nega ao conxunto da sociedade e ao Parlamento de Galiza información sobre o Comité asesor sociosanitario?
- Vai permitir a participación da sociedade galega no deseño dese novo modelo?
- Vai darlle voz ás persoas maiores nese proceso?
- Vai reformar a normativa actual en materia de residencias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En que consistirá o novo modelo segundo as previsións da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2021 17:00:12

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2021 17:00:17

Iria Carreira Pazos na data 15/11/2021 17:00:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano, o 15 de decembro de 2020, a directora xeral de Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica respostaba na Comisión de Pesca a unha serie de preguntas
efectuadas por este Grupo Parlamentar en relación cos conflitos vividos entre bateiros
e percebeiros na campaña 2019/20.

A directora xeral aseguraba naquela comisión que “neste ano 2020, e
precisamente como consecuencia da covid-19, o sector dos percebeiros, viu como a súa
actividade quedaba moi limitada, por non dicir impedida, polo peche da canle horeca,
destino fundamental das súas capturas. Ao mesmo tempo, foi un ano especialmente
malo no que se refire á presenza de semente de mexillón nas pedras e fixo que os
bateiros precisasen acudir nas últimas semanas das súas autorizacións para recoller a
mexilla necesaria para non deixar baleiras as súas bateas”.

Pois ben, apenas un mes despois desa resposta, volvéronse producir
enfrentamentos entre os dous sectores en distintos puntos da nosa costa e seguíronse
sucendendo durante toda a campaña sen que a Xunta de Galiza fose capaz de intermediar
e de poñer solución a esa situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preguntada tamén pola existencia, funcionamento e conclusións da mesa de traballo anunciada pola Consellaría do Mar no pasado mes de xuño de 2020, na que se analizarían con ambos sectores distintos aspectos para que os conflitos non volveran ter lugar, a directora xeral respostou que “o grupo de traballo existe e está constituído por tres representantes das asociacións de bateiros e por tres representantes das confrarías, e tiveron lugar cando menos ata o de agora catro reunións conxuntas nas que se está a analizar toda a normativa e distintas propostas, continuando aínda a día de hoxe as reunións, precisamente porque queremos dar continuidade de futuro a esta regulación, porque non se trata só de regular esta campaña, senón de facelo cara o futuro e non lle podo dicir cando poderemos ter esa solución que esperamos sexa definitiva e que podamos ter incluso algo para poder seguir incrementando medidas, tamén mesmo para esta propia campaña”.

É evidente que a mesa de traballo conformouse tarde xa para poder comezar a campaña de 2020/21 cunha regulación acordada, mais durante este ano continuaron as tensións e tamén a falla de atención por parte da Consellería, á que se lle reclamou mediación en varias ocasións por parte das Confrarías sen que fosen escoitadas.

Ata tal punto chegou a falla de resposta que, a finais do mes de xuño, as Confrarías fixeron público un comunicado denunciando que a Consellaría do Mar elaborara un borrador de orde reguladora para a actividade extractiva da mexilla que non fora consultado con elas e que recollía medidas que consideraban lesivas para os seus intereses.

Continuou a desidia da Administración e xa a mediados de xullo o sector dos percebeiros galegos iniciou unha acción de envío de currículos á Consellaría para solicitar traballo xa que “o meu medio de vida se atopa ameazado e en risco de desaparición, sendo a principal responsable deste feito a propia Consellería do Mar, ante





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a inacción e ineficacia demostradas para tentar solucionar un conflito entre os sectores bateiro e percebeiro de Galicia e sobre todo por non asumir as súas competencias de garantir a protección e a sustentabilidade do medio mariño”.

A vindeira campaña de extracción 2021-22 comeza en apenas 15 días, o 1 de decembro, e un ano e medio despois da constitución da mesa de traballo aínda non existe nova regulación e, o que é peor, o consenso entre os dous sectores parece estar cada vez máis lonxe.

O deterioro da situación é tal que mesmo está derivando nunha recollida de mexilla dende hai días totalmente ilegal e fora de campaña que xa foi interceptada polos gardacostas en varias ocasións. É, pois, evidente que estamos diante, mais unha vez, das condicións que poden levar a novos e graves enfrontamentos.

A última normativa reguladora é do ano 2000 e resulta inexplicable que, malia a se produciren desacordos entre os dous sectores cada ano, a día de hoxe non exista aínda unha solución definitiva e se continúe a poñer en risco mesmo a integridade dos profesionais do mar.

A Consellaría ten a responsabilidade de mediar e buscar sen dilación un entendemento entre os sectores e debe facelo de xeito urxente para non ter que lamentarse a posteriori.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos traballos realizados ata o de agora pola mesa de traballo constituída entre a Administración e os representantes dos sectores bateiro e percebeiro?

. Tiveron continuidade as reunións que se viñan realizando dende a súa constitución ata decembro de 2020?

. Existe a día de hoxe un borrador de orde reguladora para a actividade extractiva da mexilla? Foi elaborado por esa mesa de traballo e é coñecido polos dous sectores?

. Se é así, onde residen os principais escollos para non acadar acordos e que actuacións levou a cabo a Consellaría do Mar para tentar superalos? Se non existe, e dado o comezo inminente da nova campaña, cando prevé a Consellaría que se poda chegar a acordos para a elaboración consensuada da nova regulación?

. É coñecedora do que está a pasar dende hai días nalgúns zonas da nosa costa onde se está a recoller mexilla de xeito totalmente ilegal? Que actuacións ten levado e vai levar a cabo a Consellaría do Mar para impedir que se sigan producindo?

. Dadas as difíciles condicións que se presentan de novo este ano, que previsións ten o goberno galego para poder evitar os eventuais conflitos que podan ter lugar entre mexilloeiros e percebeiros?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2021 09:39:29

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2021 09:39:32

Daniel Castro García na data 16/11/2021 09:39:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento da denominación toponímica oficial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece no seu artigo 10.1 que os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega.

Correspóndelle á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais cos que se identifica o noso territorio, así como velar polo seu cumprimento interinstitucional.

Reiteradamente asistimos ao incumprimento desta máxima legal coa correspondente falta de respecto á sociedade galega, tal e como consta en reiteradas iniciativas rexistradas e mesmo debatidas neste Parlamento por parte do grupo parlamentario do BNG.

Nesta ocasión volvemos denunciar o incumprimento da legalidade toponímica por parte da compañía aérea Iberia.

As aeronaves de Iberia de fuselaxe ancha, destinada habitualmente a voos intercontinentais (Airbus 330 e Airbus 350) contan nas súas butacas, en todas as clases, con pantallas con sistema de entretemento para a pasaxe ofrecendo opcións como películas, series, xogos, documentais e tamén un mapa interactivo que vai amosando aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasaxeiros a ruta que segue o avión, onde se atopa, a distancia ao destino, temperatura, etc.

Neste mapa interactivo, ao se achegar o avión a Galiza, aparecen os topónimos de varios lugares deturpados; La Coruña, Orense, Villagarcía de Arosa, Vivero, Villalba...

Para alén do incumprimento da legalidade, non debemos esquecer que esta é a primeira referencia que reciben moitas persoas que viaxan por primeira vez a Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta do incumprimento do artigo 10.1 da Lei de normalización lingüística por parte da empresa aérea Iberia?

. Ten realizado algunha xestión a Xunta demandando a reparación da toponimia galega?

. Que medidas está a implementar para resolver este incumprimento da Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2021 12:47:49

Daniel Castro García na data 16/11/2021 12:47:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2021 12:48:02



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia avanza cara un modelo residencial centrado na persoa, accesible e con maior intimidade. Falamos dun modelo residencial que se sustentará nunha maior integración da atención social e sanitaria.

Para iso, o pasado 21 de decembro constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario encargado de deseñar este novo modelo que conta coa participación de todos os axentes implicados: familiares de usuarios, médicos, profesionais de residencias, directivos do sector dos coidados e tamén con partidos políticos.

Un modelo que cambiará para sempre o concepto actual das residencias para conseguir que os usuarios sintan o centro como a súa casa, sen interferir na súa vida diaria. Para acadalo, organizaranse unidades de convivencia máis reducidas, para incrementar a atención proactiva e personalizada. E aproveitarase a potencialidade das novas tecnoloxías para mellorar a calidade asistencial e o benestar dos usuarios, dentro dun envellecemento activo e saudable.

Un modelo que se perpetuará no tempo, baseado no aprendido durante a pandemia. Por iso, a súa implantación debe ser progresiva e a dúas velocidades, é dicir con medidas que se poidan facer realidade de xeito case inmediato e outras que necesitarán unha implantación no tempo.



Nesta liña, o pasado mes de outubro o Goberno galego puxo en marcha o primeiro living lab sociosanitario na residencia de maiores da Estrada, un entorno experimental que permite a cocreación de innovación impulsada polos usuarios e profesionais, e que desenvolve solucións tecnolóxicas para integralas no novo modelo de coidados.

Entre as novidades que incorpora este modelo atópase un monitor multiparamétrico, que permite o rexistro de variables sanitarias asociadas ao coidados, permitindo que o persoal de enfermaría dedique mais tempo aos coidados personalizados da persoa maior. Ademais, as habitacións transfórmanse en intelixentes, con dispositivos e sensores que aumentan a confortabilidade e seguridade dentro da propia habitación.

Asi mesmo, os residentes con algún tipo de deterioro cognitivo poderán pasear con máis seguridade, dentro do centro permitindo a súa localización cun sistema de control de errantes, ou fóra da residencia coa utilización dun reloxo intelixente de xeolocalización.

Por outra banda, os maiores poderán multiplicar as súas posibilidades de lecer grazas á instalación de pantallas de televisión como dispositivos intelixentes que lles permitirán, por exemplo, facer terapias de rehabilitación e cognitivas, ou contactar coas súas familias sen saír da habitación se fose necesario.

Ademais, tanto residentes como familiares estarán en todo momento informados das principais actividades do centro, a través dun tótem como punto estratéxico de información.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a previsión do Goberno galego para que toda as residencias públicas autonómicas de Galicia incorporen o modelo living lab?



Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2021 13:29:02

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2021 13:29:15

Noelia Pérez López na data 16/11/2021 13:29:26

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2021 13:29:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2021 13:30:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2021 13:30:16

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2021 13:30:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o novo Plan de Seguridade Viaria 2021-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2016-2020 rematou a súa vixencia no pasado ano 2020. Cando estamos en novembro de 2021 non está aprobado o novo plan, o que pon de manifesto a falta de previsión e planificación da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade.

Por outra parte, na web da Consellaría consta o informe de seguimento de outubro de 2018, e non hai constancia de que estea realizado un estudo de avaliación do Plan 2016-2020. A última memoria anual publicada na web da Consellaría é a de Seguridade Viaria correspondente a 2019.

Con respecto aos últimos datos dispoñíbeis, correspondentes ao ano 2020, poñen de manifesto unha elevada cifra de sinistralidade e un alto número de vítimas mortais, malia a importante redución da mobilidade e da sinistralidade viaria por causa da pandemia da COVID 19.

Segundo de desprende da consulta do portal de contratos públicos de Galiza, no mes de xullo de 2021 foi adxudicado o contrato de servizo para a redacción e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguimento do Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2021-2025 á UTE ICEACSA-AEC,
cun prezo de 114.616,04 euros e un prazo de execución de 27 meses.

Segundo o prego de bases do contrato, os prazos de execución son os seguintes:

-Documento inicial de bases: 2 meses

-Documento inicial: 4 meses

-Versión final: 6 meses

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na
Comisión 2ª :

. Cando ten previsto o Goberno galego presentar o informe de avaliación final do
Plan de Seguridade Viaria 2016-2020?

. Que valoración fai o Goberno galego dos datos de sinistralidade viaria e
mortalidade nas estradas do ano 2020?

. Que previsións ten o Goberno galego para a aprobación e entrada en vigor do
novo Plan de Seguridade Viaria 2021-2025?

. Canto ten previsto o Goberno galego enviar ao Parlamento, para o debate e
aprobación, o novo Plan de seguridade viaria 2021-2025?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2021 09:34:23

Paulo Ríos Santomé na data 17/11/2021 09:34:28

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2021 09:34:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a exclusión e discriminación da lingua galega na Universidade privada Universidad Internacional de la Empresa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o reitor da Universidade Privada da Abanca, Miguel Ángel Escotet, anunciou durante un acto de presentación do escudo e do logotipo desta empresa adicada ao ensino universitario algunhas das características da súa oferta educativa.

No anuncio que fixo o rector da primeira universidade privada de Galiza, sinalou ata en dúas ocasións que a Universidad Intercontinental de la Empresa terá como únicas linguas vehiculares o castelán e o inglés; amosando un desprezo e unha discriminación cara a única lingua propia de Galiza que non é admisíbel.

A este respecto, cómpre sinalar que no debate de tramitación do proxecto de lei que outorgou a autorización a esta universidade, o BNG presentou propostas para garantir a presenza da lingua galega UIE; pero estas foron vetadas polo Partido Popular.

Así mesmo é importante lembrar que no artigo 15. 2 da Lei de Normalización Lingüística se establece que “*O Goberno Galego e as autoridades universitarias*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.”

Do mesmo xeito, no artigo 17.1 sinálase que “*Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudio da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquirir a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.*”

Dende o BNG entendemos que a actitude a UIE amparada e fomentada polo Partido Popular e a Xunta de Galiza supoñen un ataque evidente á lingua galega e os dereitos dos galego falantes, e por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai o goberno galego esixir que a Universidad Internacional da Empresa cumpra coa lexislación lingüística do noso país, garanta os dereitos do alumnado galego falante e cese na súa actitude discriminatoria e galegófoba?

. Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para impedir que a UIE discrimine o alumnado galego falante e discrimine a lingua galega?

. Vai a Xunta de Galiza iniciar o expediente de retirada da autorización á UIE de continuar coa súa política de discriminación e galegofobia?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2021 10:23:23

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2021 10:23:27

Daniel Castro García na data 17/11/2021 10:23:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a decisión da Consellaría de Educación de eliminar as probas libres nas seccións da EOI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación estableceu na circular *Circular 7/2021 pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2021/22*, que as probas de certificación polo réxime libre para este curso se realizasen exclusivamente nas sedes centrais da EOI, vetando a posibilidade de que o alumnado as puidese realizar tamén nas seccións, como viña acontecendo até o de agora.

Esta medida implica unha clara discriminación ao alumnado das vilas e aldeas do noso país que terán que desprazarse en ocasión importantes distancias para poder examinarse nas sedes centrais.

Pero esta medida terá tamén un importante impacto no alumnado que cursan estudos oficiais nas sedes centrais das EOIS que se verán afectados polo impacto das probas libres, así como para o profesorado das seccións que será obrigado no mes de febreiro a cambiar as súas condicións laborais, lugar de traballo e horarios sen ningún tipo de acordo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
4ª :

Vai o Goberno Galego rectificar a decisión tomada unilateralmente na circular
7/2021 pola que se eliminan as probas libres nas seccións da EOI e garantir que o
alumnado poida acceder a estas probas nas seccións correspondentes, tal e como viña
acontecendo até o de agora?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2021 10:45:32

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2021 10:45:39

Daniel Castro García na data 17/11/2021 10:45:48



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, leva 25 anos convocando o programa Emega de axudas para o fomento do emprendemento feminino, dirixido a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres.

Dada a situación de crise económica provocada pola pandemia, que repercutiu en maior medida nas mulleres, na convocatoria de 2021 reforzouse o crédito destinado ao fomento do emprendemento feminino, precisamente para paliar os obstáculos que moitas mulleres atopan para pór en marcha e consolidar os seus proxectos empresariais e mesmo para mellorar no ámbito laboral.

Ese incremento do crédito provocou que na convocatoria deste ano se sobrepasase en moito o número de solicitudes a esta axudas, que chegan a superar as 1.500.

Normalmente as persoas finalmente beneficiarias coñecíanse a finais do mes de outubro, mais este ano aínda non se publicou esta listaxe.

Paralelamente, está previsto que o 19 de novembro teña lugar no Pazo de Congressos e Exposicións da Coruña un acto de conmemoración do XXV aniversario do programa no que, coa fin de recoñecer o labor das mulleres emprendedoras, haberá mesas redondas xunto con actuacións de carácter cultural e lúdico.

O inaudito é que as mulleres solicitantes destas axudas, sen aínda saber se son beneficiarias delas, están sendo convocadas a asistir a ese acto por unha empresa de organización de eventos que emprega datos de contacto que non foron facilitados loxicamente para ese fin. Por outra banda, nas chamadas telefónicas suxíreselles que será o mesmo día da celebración cando saiban se lles foi concedida esta axuda, polo que existe un profundo malestar ao respecto.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle profundamente que a Consellaría de Emprego e Igualdade estea creando confusión cun programa como Emega, necesario e que ata o de agora era ben xestionado, deixando entrever ás mulleres solicitantes que a concesión da axuda dependerá da súa asistencia ou non ao acto conmemorativo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cal é a razón de que aínda non se fixese pública a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega de 2021?

2ª) Quen lle facilitou á empresa privada que organiza o acto do XXV aniversario do Programa Emega os datos de contacto das persoas solicitantes da convocatoria deste ano, aínda sen resolver?

3ª) Considera lexítimo o Goberno galego a utilización de datos privados de persoas solicitantes a unha subvención pública para convidar a un acto lúdico sen que previamente se concedesen as axudas?

4ª) Entende o Goberno galego que esa maneira de proceder atenta contra a normativa de protección de datos?

5ª) Como valora o Goberno galego que moitas das mulleres contactadas entendan esas chamadas que convidan á asistencia ao XXV aniversario de Emega como un acto de presión do que depende a concesión da axuda?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/11/2021 10:53:13

Noelia Otero Lago na data 17/11/2021 10:53:28

Marina Ortega Otero na data 17/11/2021 10:53:45

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2021 10:53:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento do acordo unánime desta cámara da realización por parte do goberno do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou en 2019 o *Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista* elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Este informe presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos: traxectoria e características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos, etc.

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai sete anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza, así como tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuasen aos principios dispostos na devandita lei.

O incumprimento destas disposicións levou o grupo parlamentario do BNG a incluír na orde do día da Comisión de Educación e Cultura do sete de xuño de 2019 unha Proposición non de lei que foi aprobada con modificacións derivadas da aceptación dunha emenda do PP.

O texto aprobado finalmente por unanimidade foi este:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Este plan incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) A avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

b) A configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia, priorizando aquelas acción que sexan máis urxentes.

c) A incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan.

d) Medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.

e) A planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para implementar."

Rematada a X Lexislatura e no camiño do ecuador da actual XI, este acordo segue sen ser cumprido, o que compromete a credibilidade desta cámara de representación do pobo.

En novembro de 2021 a Xunta aínda non presentou o Plan de Arquivos da Xunta de Galiza e coas dotacións orzamentarias previstas para 2022 non parece que se poidan abordar as necesidades xa crónicas de espazos e persoal dos arquivos da Xunta proximamente, tal e como acaban de facer público desde BAMAD Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, cómpre que desde a Xunta se formulen accións para atender o desenvolvemento dos arquivos municipais, nomeadamente os dos concellos de menos de 10.000 habitantes, que deberían converterse en garantes da memoria rural e que están en grave risco de perda por falta de recursos propios e pola perda de poboación.

Neste sentido, a Xunta de Galiza debería actuar como eixo central da necesaria coordinación interadministrativa e principal axente dinamizador da conservación da memoria local.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Por que o goberno non cumpriu o acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura do sete de xuño de 2019?

. Que medidas ten activado o PP na Xunta neste sentido máis de dous anos despois?

. Que plan de actuación ten previsto desenvolver a partir de agora o goberno do PP para cumprir o acordo unánime desta cámara do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza?

. Entende o goberno que é necesario deseñar un plan de accións coordinadas para atender o desenvolvemento dos arquivos municipais como garantes da memoria rural, nomeadamente os daqueles concellos con menos de 10.000 habitantes?

. Que accións prevé coordinar neste sentido? Con que temporalización?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2021 12:53:38

Daniel Castro García na data 17/11/2021 12:53:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2021 12:53:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A convocatoria de Axudas de incorporación á actividade agraria, plans de mellora e pequenas explotacións foron presentadas no seu tempo antes das brutais subas dos materiais de construción, ferro, combustibles, electricidade... Xeralmente os cálculos fanse sobre orzamentos orientativos que este ano, co paso dos meses ata a súa resolución, atopáronse cun forte incremento que en moitos casos van facer inviable a mellora solicitada ou as obras de inicio de actividade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª :

Diante da suba dos prezos xeneralizada pensa o goberno galego tomar algunha medida para actualizar os orzamentos dos plans de mellora concedidos antes da mesma?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/11/2021 14:17:21

María González Albert na data 17/11/2021 14:17:24

María del Carmen Aira Díaz na data 17/11/2021 14:17:32



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Os menús dos comedores escolares de Moaña xestionados de forma indirecta pola Xunta de Galicia, a través dunha empresa de catering, están xerando gran malestar no municipio pola perda de calidade dos pratos.

A comunidade educativa de Moaña vén de trasladar a súa preocupación pola situación dos comedores escolares do CEIP de Tirán, Seara, Domaio, A Guía, Quintela, Abelendo e as escolas infantís Berducedo e de O Con. Son 286 alumnos e alumnas afectados por estas deficiencias no menú dos comedores destes colexios.

No último ano estase a constatar unha perda de calidade nos menús ofrecidos ós cativos e cativas, o que está a orixinar continuas queixas e reclamacións por parte das familias e dos responsables dos centros de ensino, que teñen en común múltiples aspectos negativos relativos á cantidade, presentación, elaboración e adecuación dos menús.

Esta situación estase a agravar desde o inicio do curso 2021/2022, e son numerosas as reclamacións efectuadas polos diferentes centros de ensino ante comedores escolares, un organismo dependente da Consellería de Educación. Sen embargo, as reclamacións non son atendidas e a calidade do servizo de comedor continúa a deteriorarse.

Sen cuestionar que os menús estean deseñados correctamente desde un punto de vista nutricional, é unha realidade que moitos dos menús ofrecidos son pouco atractivos para os seus destinatarios, ben porque o aspecto da comida non é agradable; porque se elaboren dous pratos fríos para compoñer un menú; porque as racións de comida sexan habitualmente escasas e en ocasións tamén se sirvan frías; ou porque os menús sexan elaborados en desacordo coa climatoloxía do momento.



Trátase dun tema que está a orixinar unha importante preocupación no seo da comunidade educativa de Moaña. A alimentación é unha cuestión vital para toda a poboación, e especialmente para os nenos e nenas, que están nun período de crecemento e que pasan moitas horas na escola desenvolvendo unha actividade intensa.

Non só é un feito importante a cuestión da calidade con que se atende as necesidades do alumnado, senón tamén o é como eles aprenden pautas saudables de alimentación para manter uns hábitos de vida san que lles acompañen sempre.

Pero, a realidade que estamos a vivir é outra, e en moitas ocasións os cativos marchan para as súas casas despois dunha experiencia frecuentemente negativa coa comida. As familias están preocupadas e alarmadas pola calidade da alimentación dos seus fillos e fillas e sentíndose frustradas por ter que facer uso dun servizo de comedor que debía servir para mellorar a conciliación familiar.

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2021 12:17:59

Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/11/2021 12:18:14

Paloma Castro Rey na data 18/11/2021 12:18:26

Pablo Arangüena Fernández na data 18/11/2021 12:18:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o resultado do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 1 do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En cumprimento do establecido no parágrafo 4º da Disposición Transitoria Décima do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza (DOG 3 de novembro de 2008) mediante Orde de 22 de novembro de 2019 a Consellaría de Facenda convocou proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galiza. É dicir, unha década após a Xunta de Galiza da cumprimento a previsión contida na norma convencional que contemplaba a celebración dun proceso extraordinario de consolidación de emprego para o persoal cunha antigüidade posterior ao 30-6-1998 e anterior ao 1-1-2005.

Segundo consta na convocatoria o proceso selectivo de consolidación realizarase por medio de concurso-oposición, constando a fase de tres exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio. Prevíase un primeiro exercicio contido teórico, de 80 preguntas sobre o programa; o segundo sería sobre o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos e o terceiro sobre coñecementos lingüísticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Logo da celebración do primeiro exercicio que provocou a eliminación dunha terceira parte das persoas que, cunha antigüidade posterior ao 30-6-1998 e anterior ao 1-1-2005, concorían ao proceso celebrouse o segundo exercicio do proceso extraordinario de consolidación no que haberían de acreditarse o coñecemento e manexo de paquetes informáticos.

A proba que lonxe de axustarse ao que podería considerarse un proceso de consolidación e, en todo caso, versar sobre o contido xeral do temario, centrouse moi esencialmente (32 das 40 preguntas) sobre unha parte do temario, as follas de cálculo, instrumento escasamente relacionado co traballo habitual a desenvolver na praza á que se optaba.

O resultado foi que ningunha das 33 persoas aspirantes que realizaron o exercicio -e que xa superaran previamente un exame- logrou o aprobado. Como fai constar algunha organización sindical “é a primeira vez na historia das oposicións da Xunta de Galiza que ningunha das persoas aspirantes supera o exame do proceso selectivo”.

Resulta sorprendente tanto o contido da proba como o coherente resultado da mesma, máxime tratándose dun proceso de consolidación de emprego acordado no ano 2008 para persoal cunha certa antigüidade e que, por exemplo, tiña recoñecida a condición de indefinido en virtude de sentenza xudicial ou en virtude de relación laboral temporal estivera ocupando unha praza estrutural. O inusitado resultado do proceso selectivo provoca unha grande incerteza sobre as intencións da Xunta de Galiza sobre o futuro das prazas e das persoas traballadoras que as ocupan, algo que dende o BNG entendemos cumpre clarexar a fin de dar seguridade e certeza ante tan anómala situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera a Xunta de Galiza que entra dentro da normalidade cun proceso selectivo no que participan decenas de persoas poda ficar deserto por non superalo ningunha das persoas aspirantes?

. Producida tal circunstancia, considera previsible que existira un defecto no desenvolvemento da proba e non na totalidade das aspirantes que concorreron ao proceso?

. Que actuacións ten realizado ou previsto realizar para comprobar se se produciu tal circunstancia, e, no seu caso, para evitar os efectos de tal defecto ou anomalía?

. Entende a Xunta de Galiza que o contido das probas dun proceso selectivo de consolidación de emprego deben estar relacionadas con traballo desenvolvido, ou a desenvolver, ou considera indiferente tal previsión?

. O contido da proba permitiu acreditar o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos?

. Considera normal e regular o resultado do segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego, consistente en poñer de manifesto o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos?

. Cal é a previsión da Xunta de Galiza sobre as 22 prazas na categoría 001 do grupo IV convocadas e das persoas que as ocupan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/11/2021 12:23:14

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2021 12:23:17

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2021 12:23:26



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En xullo de 2020, ás portas da campaña electoral das eleccións autonómicas de 2020, a Consellería do Medio Rural anunciou unha campaña inédita ata ese momento de préstamos de anticipo das axudas da PAC no ano 2020, chegando a convocar unha orde de axudas para o pago da comisión inicial de apertura no Diario Oficial de Galicia, do venres 12 de xuño de 2020.

Asináronse convenios con entidades bancarias: ABANCA, Banco Santander, Banco Sabadell, CaixaBank e Caixa Rural Galega en virtude dos cales as entidades bancarias ofrecían préstamos por un importe do 90 % do total de axudas previstas na solicitude única de axudas da Política Agrícola Común para 30.000 beneficiarios. Todos estes datos figuran na memoria dos correspondentes convenios: 30.000 beneficiarios e axudas por importe de 220 millóns de euros.

A Xunta de Galicia procedía a abonarlles directamente ás entidades bancarias con fondos propios da Consellería do Medio Rural un 1% do total dos préstamos concedidos.

A xustificación desta actuación estaba en dotar de liquidez aos beneficiarios das axudas da PAC en Galicia.

Era a primeira vez que a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural priorizaba que os beneficiarios de axudas da Política Agrícola Común en Galicia se financiasen a través de créditos con entidades financeiras, en lugar de axilizar ao máximo o pagamento dos anticipos da Política Agrícola Común.

En Galicia sistematicamente nos últimos tempos págase menos do importe autorizado pola Comisión Europea, a menos beneficiarios e de forma recorrente máis tarde que o 16 de outubro de cada ano (que é a data inicial autorizada pola Comisión Europea).

As previsións da Consellería do Medio Rural eran que se solicitasen préstamos por importe de 220 millóns de euros por parte de 30.000 beneficiarios, de aí a



reserva de 2.000.000 euros para a axuda pública ás entidades financeiras, dado que se permitía subscribir préstamos polo 90 % das axudas.

Resulta cando menos rechamante que esta axuda só se formulase en ano electoral, e non se volvese a convocar en 2021, dado que os problemas de liquidez das explotacións e as afectacións polos prezos das materias primas vinculadas á alimentación animal parece que subsisten no tempo. En todo caso resulta de interese analizar os efectos das medidas, e ver cal é o impacto real dos programas de actuación pública.

Neste exercicio, de 2021 e desde o 16 de outubro de 2021, a Xunta de Galicia podía aboar o anticipo dos pagos da Política Agrícola Común correspondentes á campaña 2021-2022, téndose autorizado por parte da Comisión Europea a petición do Goberno de España que con motivo da pandemia, as adversidades climáticas e da situación dos prezos das materias primas para a produción de pensos, o importe anticipado pasase do 50 % ao 70 % do total da axuda.

A 27 de outubro de 2021, case 15 días despois da apertura do prazo de pago por parte da Comisión Europea non se tiñan producido pagos en Galicia do anticipo da PAC, mentres no resto de España xa se tiña procedido a pagar centos de millóns de euros.

Ata 8 comunidades autónomas en España tiñan aboado xa os anticipos da PAC para os réximes de axuda de pago básico, pago verde, pago para agricultores mozos, axudas asociadas e pago do réxime simplificado para pequenos agricultores, mentres que en Galicia ata ese momento só se recibiran anuncios de pago de 36,9 millóns de euros a 15.000 gandeiros e agricultores galegos, case 15 días máis tarde do prazo legal permitido e do feito noutras comunidades autónomas e por un importe moi inferior ao 70 % do total da axuda que xa debería estar a disposición dos agricultores e gandeiros galegos como está en Castela e León, Castela- A Mancha ou Estremadura.

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o balance da consellería de Medio Rural na xestión dos préstamos para o cobro do anticipo da PAC no ano 2020?
- 2ª) Por que non se convocou para 2021 a dita liña de préstamos?



3ª) Cal é motivo da tardanza do pago dos anticipos do cobro da PAC ano tras ano?

4ª) Que ten previsto a Consellería de Medio Rural para axilizar o anticipo en vindeiros exercicios?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/11/2021 12:09:39

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/11/2021 12:09:56



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez, e Patricia Otero Rodríguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O 24 de xaneiro de 2019, o Grupo Municipal Socialista de Castrelo de Miño rexistrou unha moción sobre unha situación preocupante para a saúde da veciñanza.

En concreto, o Grupo Municipal Socialista alertaba de niveis de arsénico moi elevados por enriba dos límites permitidos. Concretamente, na captación de Coto-Novelle que abastece a 10 pobos do concello. O certo é, que por parte do Goberno local de Castrelo non se tomaron medidas durante todo este tempo, a pesar das propostas fundamentadas e reiteradas por parte do Grupo Municipal Socialista a través do pleno e das propias emendas orzamentarias.

En concreto a proposta era a creación dunha nova captación con bombeo dende o río Miño para evitar que os niveis de arsénico continuaran disparándose.

O feito é que o tempo de reacción do Goberno local coas propostas do Grupo Municipal Socialista para protexer a saúde da veciñanza, fixeron que o problema non se resolvese en tempo, converténdose nun perigo para a saúde da veciñanza de Castrelo.

Neste momento o Goberno local parece que finalmente reaccionou tomando en serio un problema que afecta a un núcleo poboacional importante. É importante ter en conta que trátase dun problema que se ven arrastrando dende fai máis de dous anos, e que non pode agardar máis tempo a ter unha solución inmediata, xa que estamos a falar da saúde dos veciños e veciñas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que dende a Xunta de Galicia se coordine unha estratexia que axilice canto antes unha solución para a veciñanza de Castrelo de Miño. Ademais sería importante que, dende a Xunta colaboren con Castrelo de Miño mediante unha campaña informativa co alcance suficiente para chegar ao máximo de veciños e veciñas de Castrelo.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a)) Dende cando ten constancia a Xunta de Galicia do problema que padece a veciñanza de Castrelo de Miño polos niveis de arsénico nas súas augas?
- 2.^a) Vai adoptar a Xunta de Galicia algunha medida ante esta cuestión?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/11/2021 16:04:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/11/2021 16:04:48

Patricia Otero Rodríguez na data 18/11/2021 16:05:31



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En outubro do presente ano o sindicato UGT presentaba un estudo sobre a situación das persoas LGTBI no traballo. No mesmo se recolle que o 96 % das persoas LGTBI en Galicia, no 90 % no Estado consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo.

Tamén mostra un dato demoledor, o 91 % na nosa Comunidade Autónoma considera necesario ocultar a súa orientación sexual e seis de cada dez traballadores en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

É importante resaltar que Galicia encóntrase entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego vese na obriga de actuar con premura.

Por outra banda, en ocasións, por ocultar a súa condición as persoas traballadoras LGTBI renúncianse a dereitos laborais básicos que o resto dos traballadores e traballadoras nin se cuestionan, tales como os permisos por matrimonio ou permisos por acompañamento das parellas a centros médicos. Esta renuncia é o efecto perverso que sobre a vida destas persoas ten a súa condición sexual que debería facernos reflexionar porque non se pode permitir que as persoas LGTBI acudan ó seu posto de traballo con medo á discriminación ou agresións. Hai que garantir un entorno laboral inclusivo.

O sindicato ante estes datos realmente preocupantes, decidiu facer unha aproximación á materia que se negociou nos convenios colectivos e a sorpresa é o baleiro que existe porque, aínda que os sindicatos levan moito tempo intentando introducir medidas, a voluntariedade só ven por esta parte, por iso, os convenios colectivos deberían introducir cláusulas no seu articulado que eviten estas situacións discriminatorias en aras da súa protección.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da discriminación existente na nosa comunidade cara o colectivo LGTBI no marco das relacións laborais?
2. Pensa abordar esta problemática dentro do diálogo social con sindicatos e as asociacións empresariais?
3. Que medidas pensa adoptar para garantir un entorno laboral inclusivo?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2021

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 18/11/2021 14:02:53

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/11/2021 14:03:02

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2021 14:03:11

Marina Ortega Otero na data 18/11/2021 14:03:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a nova interrupción do subministro auga potable no concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de A Merca vén de comunicar á veciñanza unha nova interrupción no subministro de auga potable nas parroquias e pobos do concello. A autoridade local xustifica a necesidade do corte no subministro de auga potable no “resultado das actuacións de vixilancia sanitaria e control da calidade da auga de consumo de abastecemento” que provocan a necesidade de proceder á limpeza dos depósitos e redes de condución de auga.

A interrupción do subministro dun servizo tan esencial e básico para a vida diaria provoca unha lóxica inqueda e preocupación na poboación do concello que ve como aínda fica pendente de solución o problema de abastecemento domiciliar de auga.

Hai aproximadamente un ano unha parte importante da veciñanza de A Merca viu interrompido durante meses o abastecemento de auga domiciliar, por non reunir a auga as condicións sanitarias mínimas. Malia o corte do subministro de auga potable e os graves problemas que implica, tanto o Concello como a Xunta seguían a exixir -e cobrar- os tributos devengados pola presentación dun servizo que non recibían. As condicións sanitarias nas que se prestaba o servizo de abastecemento deu lugar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intervención do SEPRONA, que supostamente instruíu dilixencias remitidas á Xunta de Galiza e reiteradamente demandadas, a instancias do Grupo Parlamentar do BNG, polo Parlamento de Galiza, sen que ate o día hoxe se atenderá tal requirimento.

Á falla de transparencia e información das administracións local e autonómica, e ao abuso do cobro dun servizo que non se prestan, vense a unir a nova interrupción do subministro que evidencia a falla de solución do problema e a incerteza sobre a calidade das augas que, como potábeis, se estiveron a consumir pola veciñanza de A Merca.

Dende o BNG agardamos que xunto coas aclaracións e explicacións pertinentes para a tranquilidade da poboación e a resolución de vez dos problemas sobre a subministración domiciliar de auga potable no concello, se adopten as medidas para evitar que se pasen ao cobro tributos pola prestación dun servizo que nin se prestou, nin se desfrutou.

A este respecto simplemente lembrar que o canón da auga é un tributo autonómica que grava o uso e consumo de auga, polo que, dado que a poboación de A Merca, está novamente privada de tal uso e consumo, resulta evidentemente improcedente o cobro de tal tributo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten constancia e coñecemento a Xunta de Galiza as condicións nas que se esta prestando o servizo de abastecemento de auga potable no concello de A Merca, en concreto, calidade das augas que recibía a veciñanza nos seus domicilios?

Realizou a Xunta de Galiza algunha actuación de vixilancia sanitaria e de control de calidade da auga de abastecemento domiciliar no concello de A Merca?

Con que resultado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que é exixible o pagamento de tributos polo uso e consumo de auga potable domiciliaria cando a cidadanía está privada deste servizo?

Que intervencións realizou a Xunta de Galiza nos anos 2020 e 2021 para mellorar ou normalizar o abastecemento domicilio de auga potable no concello de A Merca?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/11/2021 16:17:18

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2021 16:17:27

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2021 16:17:36

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2021 16:17:45



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A superficie forestal galega ocupa o 70 % do territorio da nosa Comunidade Autónoma, e un 30 % desta encóntrase desaproveitada, por elo o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario mellorar o aproveitamento forestal en Galicia, impulsando medidas que perfeccionen a xestión do monte, aumentando a competitividade global das explotacións forestais, e logrando unha produción de madeira de calidade, así coma con medidas que apoiem a industria de transformación da madeira que teñan un impacto na creación de emprego de calidade.

Unha das medidas a adoptar para o sector agroforestal é o establecemento dun rexistro de taxadores-cubicadores, para proporcionar unha maior transparencia ao mercado da madeira.

Nesta mesma liña argumental elaboráronse as conclusións dunhas xornadas celebradas no Centro de Formación e Experimentación (CFEA) de Becerreá no ano 2010.

Outra das conclusións elaboradas fora a de incrementar a superficie certificada, co fin de que a produción chegue a tódolos mercados e facilitar a certificación da cadea de custodia.

No sector considérase necesario tamén motivar ás persoas propietarias e crear o marco legal, técnico e socioeconómico adecuado para posibilitar a profesionalización da xestión do monte, e as melloras das prácticas de selvicultura permitiría alcanzar mellores prezos de mercado, ata o punto de que se podería triplicar o valor.

A creación dun rexistro de taxadores-cubicadores da madeira incrementaría a necesaria transparencia na comercialización, e temos de exemplo o establecemento desta figura no Decreto Foral de Montes de Guipúzcoa, número 3/96 de 23 de xaneiro, sobre cubicación de aproveitamentos forestais no Decreto Foral 1/1996, de 9 de xaneiro, sobre cubicación de aproveitamentos forestais de



Guipúzcoa, na que se establece que a solicitude de autorización de aproveitamentos forestais para corta final en montes públicos non catalogados e de particulares irá acompañada dun informe-cubicación acreditativo do volume do aproveitamento solicitado, subscrito por un taxador-cubicador independente oficialmente recoñecido polo correspondente departamento de Agricultura e Medio Ambiente.

O rexistro está xestionado polo servizo forestal da Dirección de Montes e Conservación da Natureza (Departamento de Agricultura e Medio Ambiente), nel se integran persoas físicas ou xurídicas que acreditan posuír coñecementos técnicos e prácticos na materia mediante titulación ou certificación de estudos na materia a través de probas de aptitude e cursos de formación periódicos organizados pola Deputación foral xunto coas asociacións intersectoriais da madeira e realizan informes de cubicación que acrediten de forma oficial o volume real do aproveitamento dos terreos.

Galicia debe seguir o modelo desenrolado en Bizkaia e Guipúzcoa, co obxectivo de dar transparencia ás persoas propietarias forestais na venda da madeira aos intermediarios ou empresas transformadoras.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego a creación dun rexistro oficial de taxadores cubicadores de madeira que garanta a transparencia no mercado?
2. Que horizonte temporal se marca para a súa posta en marcha?
3. Cantos postos de traballo, a xornada completa, ligados ao sector forestal había en Galicia no ano 2008 e cantos hai segundo os últimos datos oficiais publicados do presente ano?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25164
Data envío: 18/11/2021 16:20:32.073

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/11/2021 13:58:20

Martín Seco García na data 18/11/2021 13:58:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público galego está a sufrir unha situación crítica, un grave deterioro das condicións de traballo e da atención sanitaria á poboación que ten a súa causa na política de recortes e privatizacións despregada polo goberno da Xunta ao longo de 12 anos. Esta situación que xa era preocupante a comezos de 2020, viuse fortemente agravada como consecuencia da COVID 19, que fixo máis evidentes as deficiencias e carencias do SERGAS. E aínda así, se o sistema non chegou ao colapso foi grazas á entrega e dedicación do persoal -sanitario e non sanitario- do servizo galego de saúde. Todo isto con elevados custos e secuelas para uns cadros de persoal exhaustos polas condicións laborais abusivas, pola carencia de medios e pola non cobertura de baixas, vacacións e vacantes.

O estado de malestar social e nos profesionais é evidente, como se pon de manifesto nas mobilizacións que se están levando a cabo en todo o territorio galego, con grande incidencia na provincia de Pontevedra. A grande manifestación do pasado domingo 14 de novembro foi unha expresión clara e rotunda do rexeitamento á política sanitaria da Xunta, de defensa do sistema público de saúde, e de esixencia de solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A mostra máis evidente da situación que estamos a describir é o deterioro da atención primaria e das condicións de traballo e asistencias nos centros de saúde e nos PAC. O empeoramento da atención nestes centros ten consecuencias evidentes nas persoas que traballan neles e nas pacientes, que teñen cada vez máis dificultades de acceso ao sistema e que se vén sometidas a prazos de unha e até dúas semanas para ser atendidas.

Unha das derivadas desta situación é a saturación e masificación das urxencias hospitalarias, porque diante da falta de atención ou retraso desta nos centros de saúde moitas persoas optan por ir directamente aos servizos de urxencias.

Un bo exemplo disto é o que está a ocorrer en Pontevedra nas urxencias hospitalarias en Montecelo e no Provincial, tal e como veñen de poñer de manifesto o persoal facultativo destes servizos nunha carta aberta dirixida ao conselleiro de Sanidade, ao xerente do SERGAS e ao xerente da área sanitaria Pontevedra-O Salnés.

Neste escrito o cadro de persoal médico lanzou un auténtico SOS en relación coa situación que sofre todo o persoal (facultativo, enfermaría, auxiliar, administrativo, celadores), poñendo de relevo as seguintes cuestións:

- Repercusión no servizo de urxencias da crise en atención primaria: numerosas pacientes ao non seren atendidas nos centros de saúde acoden ao servizo de urxencias con demandas non urxentes, mais tampouco con demoras de 15 días como ocorre nalgúns centros de saúde.

- Falta de persoal facultativo, desgaste emocional e sobrecarga de traballo.

- Contratos deficitarios, sen estabilidade a longo prazo e con ausencia de reforzos de persoal cando é necesario.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Incremento de pacientes desde o comezo do verán, e dificultades de xestión da afluencia pola aplicación das medidas de seguridade anticovid.

-Problemas de espazo e de sobre aforo, tanto de familiares como de pacientes.

-Maltrato por parte da administración e falta de solución ás súas demandas.

-Demanda de contratación do persoal facultativo necesario para cubrir catro baixas por enfermidade no Hospital Montecelo e unha praza no Hospital Provincial descuberta desde fai dous meses.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para atender as demandas do persoal de urxencias dos hospitais de Montecelo e Provincial en Pontevedra?

. Considera a Xunta que se está a prestar unha boa atención nas urxencias hospitalarias do Provincial e Montecelo?

. Como valora a Xunta que o persoal facultativo fale de maltrato e falta de atención ás súas demandas?

. Como valora o goberno galego que a denuncia de contratos deficitarios, sen estabilidade a longo prazo e con ausencia de reforzos de persoal cando é necesario?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2021 16:26:56

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2021 16:27:03

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2021 16:27:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/11/2021 16:27:20



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Un dos acordos que se adoptou na COP26 –de feito, o primeiro gran acordo acadado nesa conferencia- foi o de frear a deforestación do planeta, sobre a base do consenso de que os bosques son o instrumento máis importante, barato e efectivo do que dispón a humanidade para loitar contra o crise climática, que representa a maior ameaza ecolóxica pero tamén económica e social á que nunca se enfrontou a humanidade, interpelando e poñendo en cuestión cada un dos aspectos das nosas vidas, así como a nosa civilización no seu conxunto.

A FAO, no seu informe “Os bosques e o cambio climático”, considera que os bosques forman un dos maiores sumidoiros de carbono do planeta, chegando a almacenar (en función das distintas especies forestais e do seu desenvolvemento) ata 15 toneladas anuais de carbono por hectárea en forma de biomasa. Pola contra, segundo o Panel Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC), a destrución dos bosques producida polo cambio climático libera na atmosfera uns 6.000 millóns de toneladas de CO2 cada ano.

Debe diferenciarse claramente o concepto 'bosque' do concepto 'plantación'. Como sinala o Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) no seu informe “Os bosques e a biodiversidade fronte ao cambio climático” a repoboación con masas forestais monoespecíficas de especies alóctonas, como o eucalipto, pode incrementar a vulnerabilidade dos bosques fronte ao quentamento global, mentres que as estruturas máis biodiversas baseadas en especies autóctonas amósanse moito máis resilientes.

Os servizos ecosistémicos que prestan os bosques son imprescindibles e de enorme valor: fixar e estabilizar o chan (de feito crealo), constituír o maior refuxio terrestre da biodiversidade, alimentar e soste todo tipo de organismos vivos (animais, vexetais e fungos) mediante os ecosistemas que xeran ao seu redor, contribuír a un clima máis propicio á vida e á humanidade mediante a súa capacidade de atraer choiva e un longo etcétera.

Hai que destacar tamén os beneficios paisaxísticos do bosque autóctono, que embelece a paisaxe especialmente pola explosión de cores que se produce nel no



outono e, en menor medida, na primavera, unha calidade paisaxística da que carecen as plantacións de eucaliptos. Por non falar dos beneficios sociais, permitindo pasear por un entorno natural, recoller cogumelos, observar aves ou simplemente desconectar do estrés das nosas vidas cotiás.

De feito, un dos países cunha maior superficie forestal e tamén cunha maior tradición e cultura forestal no mundo como é Xapón recoñeceu e promoveu oficialmente nas últimas décadas unha práctica chamada *Shinrin-Yoku*, que significa literalmente “absorber a atmosfera do bosque”, trasladándose ao noso país no concepto de “baños de bosque”. Trátase dunha práctica que está avalada por estudos que determinan que os baños de bosque teñen efectos físicos e psicolóxicos positivos.

O bosque autóctono, como ecosistema terrestre máis biodiverso e que presta unha maior cantidade de servizos ecosistémicos, debe ter prioridade nas políticas públicas dun país civilizado no século XXI, en liña co dereito constitucional a un medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, porque non pode haber un medio ambiente axeitado se non hai bosque, ata o punto de que non sería esaxerado falar como correlato dese dereito ao medio ambiente dun “dereito ao bosque”, do cal gran parte da cidadanía galega, a que vive na costa e particularmente nas grandes áreas urbanas, estase vendo privado pola case imposibilidade de atopar un bosque nun estado de conservación axeitado no seu entorno inmediato.

Así, Galicia, cunha gran superficie forestal, está perdendo os seus bosques autóctonos de xeito acelerado en gran parte do seu territorio, feito non reflectido nas desfasadas e parciais estatísticas oficiais, pero perfectamente visible para calquera que se dea unha volta por tantas zonas nas que se atopan á beira das estradas os restos das últimas fragas, convertidas en pilas de troncos cortados, paralelamente ao crecemento de plantacións descontroladas de eucalipto nitens que proliferan cada vez máis cara ao interior de Galicia.

Nun estado de dereito e nunha democracia, o valor económico do eucalipto debe inescusablemente ser compatibilizado co valor ambiental e social do bosque autóctono (protexido polo dereito constitucional a un medio ambiente axeitado) e iso soamente se pode facer mediante unha decidida intervención pública que hoxe non se está a producir. Esa intervención pública só pode facerse desde a administración competente na materia, que en Galicia é fundamentalmente a Xunta, aínda que as administracións locais poden e deben cooperar.

Nese sentido, ademais dun cambio de política forestal que desde o Grupo Socialista levamos moito tempo pedindo, hai iniciativas moi fáciles e baratas na



súa implementación que poden contribuír a conservar o bosque autóctono, mellorar a nosa paisaxe, crear espazos de esparcemento e desfrute da natureza e producir un gran beneficio ambiental e social con escaso investimento de recursos públicos, porque plantar árbores ou conservar as xa existentes é moitísimo máis barato que crear infraestruturas a base de cemento. O bosque autóctono pode tamén servir como “bosque escola” ou escola de natureza, como xa se fai en moitos países do mundo e, en moita menor medida, tamén en España.

En suma, a creación dunha rede de bosques autóctonos públicos podería implicar grandes beneficios ambientais, sociais e culturais a un coste mínimo e contribuír tamén a frear o grave declive e deterioro deste tipo de ecosistemas en Galicia. E cada cidadán de Galicia debería ter dereito a darse un paseo por un bosque autóctono sen necesidade de coller un coche e saír do seu concello, do mesmo xeito que cada neno ou nena de Galicia debería poder ser levado pola súa nai, pai ou profesor a desfrutar dunha das maiores expresións da vida no noso planeta como é o bosque.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Considera a Xunta de Galicia que o noso bosque autóctono merece moita máis protección pública dado o seu papel como ecosistema que presta servizos valiosísimos desde o punto de vista ambiental, pero tamén social e paisaxístico?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que a substitución do bosque autóctono por un monocultivo de eucalipto é compatible co dereito ao medio ambiente consagrado polo artigo 45 da Constitución española?
- 3ª) É consciente a Xunta de Galicia de que a desaparición do bosque autóctono galego supón un auténtico ecocidio na medida en que se trata dun ecosistema enormemente valioso e vital para a loita contra o cambio climático e a protección da nosa biodiversidade?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 16:55:03
Nº Rexistro: 25173
Data envío: 18/11/2021 16:55:03.651

Pablo Arangüena Fernández na data 18/11/2021 16:45:28

Paloma Castro Rey na data 18/11/2021 16:54:27



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

